

Principios teóricos da etnografía da comunicación. Consideracións xerais para unha análise aplicada ao contexto galego¹

*Theoretical Rudiments of the Ethnography of Communication.
General Considerations to an Analysis within Galician Context*

Eloi Gestido de la Torre

Universidade de Vigo
eloi_gest@uvigo.es

RESUMO

Este artigo presenta unha serie de reflexións de carácter xeral acerca dunha teoría e dun método concretos de análise das interaccións. Situados no eido da etnografía da comunicación, pretendemos recuperar, revisar e presentar os principios teóricos propostos por Dell Hymes desde 1962 para comprobar a súa aplicabilidade actual no campo concreto de análise de eventos comunicativos desenvolvidos no contexto galego

PALABRAS CHAVE: Sociolingüística, etnografía da comunicación, conversa, interacción, modelo Speaking, situacións e eventos comunicativos, lingua coloquial.

GESTIDO DE LA TORRE, E. (2005). «Principios teóricos da etnografía da comunicación. Consideracións xerais para unha análise aplicada ao contexto galego» *Madrygal (Madr.)* 8: 55-64.

RESUMEN

Este artículo presenta una serie de reflexiones de carácter general acerca de una teoría y de un método concretos de análisis de las interacciones. Situados en el campo de la etnografía de la comunicación, pretendemos recuperar, revisar y presentar los principios teóricos propuestos por Dell Hymes desde 1962 para comprobar su aplicabilidad actual en el campo concreto de análisis de eventos comunicativos desarrollados en el contexto gallego.

PALABRAS CLAVE: Sociolingüística, etnografía de la comunicación, conversación, interacción, modelo Speaking, situaciones y eventos comunicativos, lengua coloquial.

GESTIDO DE LA TORRE, E. (2005). «Principios teóricos de la etnografía de la comunicación. Consideraciones generales para un análisis aplicado al contexto gallego». *Madrygal (Madr.)* 8: 55-64.

ABSTRACT

This paper presents several thinkings about a specific theory and method of interactional analysis. From the field of the Ethnography of Communication, we try to recover, review and present the theoretical rudiments proposed by Dell Hymes since 1962 in order to prove their application within the concrete analysis field of Galician speech events.

KEY WORDS: Sociolinguistics, communication ethnography, conversation, interation, speaking model, communicative situations and events, colloquial language.

GESTIDO DE LA TORRE, E. (2005). «Theoretical rudiments of the Ethnography of Communication. General considerations to an analysis within Galician context». *Madrygal (Madr.)* 8: 55-64.

SUMARIO: 1. Introducción 2. A cuestión sociolingüística 3. A Etnografía da comunicación 4. Conclusión 5. Referencias Bibliográficas.

¹ Trátase dunha liña de investigación que desenvolvemos nunha tese de doutoramento dirixida por Xoán Paulo Rodríguez Yáñez. Para a súa realización, cóntase coa bolsa predoutoral da Xunta de Galicia Resolución 02.08.04 da Consellaría de Innovación, Industria e Comercio.

1. INTRODUCCIÓN

A primeira formulación teórica que estableceu o principio de que unha interacción entre individuos está formada e determinada polas constituíntes lingüísticas e as circunstancias sociais, culturais e psicolóxicas foi a etnografía da comunicación a partir do ano 1962 (cos precedentes de Boas, Sapir e Malinowski no primeiro tercio do século xx). Os conceptos propostos, o modelo de análise presentado e o método desenvolvido² parécenos interesantes para a súa aplicación no campo da análise das interaccións no contexto galego.

En primeiro lugar, presentaremos os conceptos orixinais da etnografía da comunicación, propostos por Dell Hymes, fundador desta corrente de investigación (véxase epígrafe 3.2). Estes conceptos, que na actualidade son de recoñecida importancia, están a ser aplicados en varios ámbitos de interese lingüístico e sociolingüístico. Desde o noso punto de vista, serven de grande utilidade para delimitar, identificar e analizar os eventos comunicativos que se producen na comunidade de fala galega³, traballo que está en desenvolvemento. A medida que presentamos a terminoloxía da etnografía da comunicación, realizaremos unha serie de consideracións breves acerca da súa aplicabilidade no campo das interaccións dentro do dominio galego. Por último, prestarémoslle especial atención ao modelo de análise desenvolvido por Hymes, coñecido como *Speaking*, por ser este modelo a proposta da etnografía da comunicación que se constitúe como soporte analítico e conceptual. Quizais a orixinalidade⁴ do *Speaking* e as súas características xerais nos permitan recoñecelo como o modelo por excelencia da etnografía da comunicación.

2. A CUESTIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

A etnografía da comunicación pertence, xunto con outras correntes de estudo como a sociolingüística variacionista⁵, a socioloxía da linguaxe⁶, a sociolingüística interaccional, etc., ao ámbito xeral da investigación sociolingüística.

Para o nacemento da sociolingüística, que tivo lugar en datas relativamente recentes, adóitase sinalar o ano 1964 (Bachmann et al., 1981: 29-30; Moreno, 1998: 295). O interese principal deste campo céntrase no estudo da lingua en relación coas circunstancias sociais, aspecto materializado nos intereses científicos que se albiscaban durante os anos precedentes en tendencias diversas de investigación como a antropoloxía lingüística, a escola lingüística sociolóxica ou os avances funcionalistas da linguaxe formulados pola escola do Círculo de Praga. As propostas presentadas por estas correntes, centradas máis en aspectos lingüísticos, non ofrecían uns resultados tan satisfactorios no que respecta a conxugar os intereses lingüísticos e os sociais como para satisfacer unha necesidade científica de coñecemento (Hymes, 1967, 1971, 1972a).

A mediados da década de 1960, realizáronse unha serie de congresos, simposios e reunións onde se manifestou a necesidade real de iniciar uns estudos encamiñados nesta dirección⁷. O primeiro investigador que expresou o interese polo estudo sociolingüístico rigoroso foi o creador da etnografía da comunicación, Dell Hymes quen, de acordo con Bachmann et al. (1981: 60), “sera le premier à souligner la nécessité, parallèlement à l’analyse des systèmes cognitifs, d’une étude systématique des rapports entre la langue et la vie socio-culturelle”.

Hymes (1967) apuntaba neste momento a necesidade de crear unha teoría que dese resposta

² O método desenvolvido pola etnografía da comunicación continúa coas técnicas utilizadas polos antropólogos lingüistas como, por exemplo, Malinowski. Estas técnicas son de natureza etnográfica e permiten analizar a forma en como se constitúe a sociedade e a cultura en relación coa lingua. A metodoloxía consta de tres partes (Erickson, 1987: 1087-1092): 1) colleita de datos (baseados na observación participante, na entrevista e na gravación dos datos); 2) análise de datos; 3) presentación dos resultados.

³ En dous estudos anteriores, xa abordamos algúns dos principios metodolóxicos da etnografía da comunicación (Gestido, 2003).

⁴ A intención inicial de Hymes foi a de crear un modelo de utilidade práctica para os investigadores (Hymes, 1967: 20): sistemático, aplicable a diferentes eventos, memorizable, actualizable, etc. (véxase epígrafe 3.3).

⁵ Tamén recibe o nome de “sociolingüística cuantitativa urbana”, coñecida con maior frecuencia coa denominación de “sociolingüística”, feito que pode levar á confusión desta disciplina co campo ao que pertence.

⁶ Moreno (1998: 299) tan só reconece que forman parte da sociolingüística a sociolingüística variacionista, a socioloxía da linguaxe e a etnografía da comunicación.

⁷ Foron importantes as publicacións (Hymes, 1964; Gumperz e Hymes, 1964) e diversos os congresos e simposios celebrados entre 1963 e 1964 que deron orixe á aparición da sociolingüística e que inciden no carácter multidisciplinario da corrente: reunión da American Anthropological Association en San Francisco onde se deron cita antropólogos e lingüistas; conferencia sobre sociolingüística en Los Ángeles (UCLA) por parte de lingüistas e antropólogos; reunión en Bloomington, Universidade de Indiana, convocada polo organismo de ciencias sociais Social Science Research Council.

a unha serie de preocupacións que non tiñan aínda soporte científico.

In expecting to find a scientific theory of such interaction of language and social setting, one in effect expects theory based on successfully asking (at least as start), what code is used, where and when, among whom, for what purpose and with what result, to say what, in what way; subject to what norms of interaction and of interpretation; as instances of what speech acts and genres of speaking? How do community and personal beliefs, values and practices impinge upon the use of language, and upon the acquisition of such use by children? No such body of systematic knowledge and theory as yet exists. (...) (Hymes, 1967: 8-9).

Este novo movemento “pasaría a coñecerse como sociolingüística, sobre todo cando centra a atención na lingua propiamente en relación coas categorías sociolóxicas”. Serviría de unión “de todas as ciencias sociais nunha empresa común” (Hymes, 1967: 11). A partir de 1972, reconécese xa que esta teoría sociolingüística se está a construír (Hymes, 1972: 40).

Co nacemento do interese sociolingüístico, xurdiron contemporaneamente tres das disciplinas que xa mencionamos: a etnografía da comunicación, a sociolingüística variacionista e a socioloxía da linguaxe. O interese de todas elas é común pero difire o enfoque de análise se temos en conta as áreas que Hymes (1971: 47) consideraba como constituíntes da investigación sociolingüística (antropoloxía, lingüística e socioloxía): en primeiro lugar, a etnografía da comunicación, inaugurada por Hymes e Gumperz, ten un influxo antropolóxico (Gumperz e Hymes, 1964); en segundo lugar, a sociolingüística variacionista, representada por William Labov, adopta unha perspectiva sociolóxica; por último, a socioloxía da linguaxe, representada por Joshua Fishman, sitúase desde un punto de vista lingüístico. Anos despois, sobre todo a partir de 1982, Gumperz desenvolveu a cuarta das liñas de traballo sociolingüístico que consideramos: a sociolingüística interaccional, disciplina que parte da etnografía da comunicación pero que se encamiña cara a unha sociolingüística das relacións interpersoais.

O interese por explicar o proceso de comunicación humana non é exclusivo das ciencias sociolingüísticas. Outras áreas de investigación proporcionan enfoques particulares de análise e

constrúen unha fenomenoloxía propia que as singularizan e que, nalgúns casos, nos van servir de apoio conceptual para o desenvolvemento do noso traballo. Por exemplo, mencionamos materias como a retórica, as ciencias da comunicación, a análise do discurso e da conversa, a pragmática, a psicolingüística e a psicoloxía, a filosofía, a antropoloxía, etc.

3. A ETNOGRAFÍA DA COMUNICACIÓN

3.1. NACEMENTO DA DISCIPLINA E CONSIDERACIÓNS XERAIS

En 1962, Hymes publica un artigo titulado “The Ethnography of Speaking” onde presenta o que sería a primeira versión dun novo dominio de investigación dedicado por enteiro ao estudo da fala concibida como fenómeno sociocultural. Inaugúrase, polo momento a nivel teórico, a *etnografía da fala* (*ethnography of speaking*). Os intereses científicos promovidos neste ámbito materializáronse nas universidades de Berkeley e Stanford onde se iniciaron uns programas de estudo que, propostos por Hymes, centraban o esforzo nesta dirección (Fitch e Philipsen, 1995: 263).

A raíz dos contactos mantidos entre os diversos investigadores nestes anos, Hymes publicará, xunto con Gumperz, un suplemento da revista *American Anthropologist* titulado “The Ethnography of Communication” (Gumperz e Hymes, 1964). Esta obra presenta, de maneira oficial e real, a nacemento da etnografía da comunicación (*ethnography of communication*). Desde o momento da súa aparición, a etnografía da comunicación supuxo⁸, para a antropoloxía e outras disciplinas encargadas do estudo da linguaxe, un cambio de enfoque importante. A lingua, que se entende agora como un obxecto social, pasa a estudarse no seu propio contexto de uso.

En xeral, a etnografía da comunicación é unha disciplina que desde os seus inicios contou cunha gran profusión de especialistas, publicacións e celebracións de congresos. Con todo, unha das críticas máis comúns que se lle realizan (Sherzer, 1977; Bachmann *et al.*, 1981) é o carácter limitado dos seus proxectos de investigación, dedicados case exclusivamente a recoller datos de comunida-

⁸ Sobre a importancia da etnografía da comunicación para outras disciplinas véxase Bachman *et al.* (1981), Saville-Troike (1982), Moreno Fernández (1998).

des concretas, de condutas e interaccións específicas (como rituais e cerimoniais), traballo que é importante “pero que non constitúe un fin en si mesmo” (Moreno, 1998: 305). De acordo con isto, a etnografía da comunicación non chegou a ofrecer formulacións teóricas xerais acerca da mecánica comunicativa (Bachmann *et al.*, 1981: 200) pero si ofreceu interesantes coleccións de datos relacionados cos patróns da fala nas sociedades ao redor do mundo. Estes datos demostran que cada sociedade establece uns patróns comunicativos distintos, é dicir, cada sociedade interpreta de maneira diferente os roles asignados a unha lingua en función, entre outros, dos factores que relacionan a esa lingua coa cultura e a sociedade (Sherzer, 1977: 45).

Á etnografía da comunicación tamén se lle critica o feito de lles prestar atención aos eventos de natureza ritual ou cerimonial, desenvolvidos en rexistros máis ou menos formais. Isto deriva nunha escasa atención aos eventos comunicativos en aparencia intranscendentes (Sherzer, 1977), aqueles relacionados coa vida cotiá. Nós, polas características do noso traballo, dámoslles preferencia aos eventos desenvolvidos neste tipo de situacións comunicativas de rexistros máis ou menos coloquiais e centramos o noso traballo nunha área de produción concreta, a península do Morrazo.

3.2. CONCEPTOS ORIXINARIOS E CONSIDERACIÓNS XERAIS

Na formulación dos principios teóricos e metodolóxicos da etnografía da comunicación, debemos ter en conta o contacto constante que se produciu entre esta e todas as disciplinas encargadas do estudo do proceso comunicativo (sexan ou non sociolingüísticas). Ademais, é importante a experiencia e a tradición teórica en que se asenta o seu creador, que procedía da antropoloxía lingüística tanto na súa vertente cognitiva (iniciada por Franz Boas na década de 1910) como na súa liña máis pragmática (representada por Bronislaw Malinowski entre as décadas de 1920 e 1940).

A etnografía da comunicación ten unha dimensión de análise xeral e outra particular (Saville-Troike, 1982: 2). Por un lado, pretende describir e entender o comportamento comunicativo en situacións culturais específicas e, polo

outro, está dirixida á formulación de conceptos e teorías sobre as cales construír unha metateoría global da comunicación humana.

As propostas de Hymes inician un método de traballo de carácter pluridisciplinar que entende a fala como un proceso cognitivo que convén analizar á maneira dos etnógrafos, apoiándose da lingüística dunha parte e da psicoloxía da outra (Bachmann *et al.*, 1981: 61). Esta idea lévao a partir, pois, dos modelos formais de lingüística pero tamén a ter en conta outros elementos comunicativos de natureza estrutural que, combinados cos elementos de carácter funcional, lle permiten interpretar o comportamento humano en contextos culturais (Moreno, 1998: 302; Titscher *et al.*, 2000: 90). Por este motivo, a etnografía da comunicación aborda de maneira sistemática o estudo do aspecto funcional da lingua (Bachmann *et al.*, 1981: 61), feito que vai demostrar, máis alá da investigación tradicional, lingüística e pragmática, que a variación extralingüística (a que non considera a gramática tradicional) é ordenada e significativa (Fitch & Philipsen, 1995: 263).

Para investigar este comportamento comunicativo, Hymes propuxo unha serie de conceptos que denominou *unidades sociais*. Estas unidades resultan hoxe de grande utilidade en tanto que manteñen entre si unha relación xerárquica e que permiten organizar e estruturar o universo social obxecto de análise⁹. Nós considerámolas como ferramentas teóricas útiles en tanto que nos permiten, ademais, recoñecer a realidade galega e descompoñela en unidades menores até chegar a identificar as interaccións desde unha perspectiva sociocultural. Este proceso desenvólvese de acordo cos conceptos de *comunidade de fala* (*speech community*), *situación comunicativa* (*speech situation*), *evento comunicativo* (*speech event*) e *acto de fala* (*speech act*). Ao seu lado, Hymes propuxo outros, do mesmo xeito importantes, como *competencia comunicativa* (*communicative competence*) ou *repertorio comunicativo*, por exemplo.

3.2.1. COMPETENCIA COMUNICATIVA, REPERTORIO COMUNICATIVO E COMUNIDADE DE FALA

Para Hymes, chegar a coñecer unha lingua non é só aprendela desde o punto de vista gramatical; é

⁹ Entre outros fenómenos, a etnografía da comunicación dedicouse ao estudo das comunidades de fala, das funcións e das rutinas comunicativas, dos instrumentos da comunicación, das compoñentes e adquisición da competencia comunicativa, da relación entre a lingua e a visión do mundo, da lingua e da organización social, dos universais lingüísticos e sociais ou das categorías de fala (Moreno, 1998: 303; Saville-Troike, 1982).

tamén saber o que é social e culturalmente aceptable entre os seus falantes. Este coñecemento, que combina o saber gramatical co saber social, constitúe a *competencia comunicativa* dos individuos. Os suxeitos, en tanto que usuarios de unha ou de diversas linguas, teñen acumulada na súa competencia comunicativa unha gama de variedades (sociais, profesionais, xeográficas, estilísticas, etc.) que lles permiten enfrontarse comunicativamente a diversas situacións. Este conxunto de variedades constitúe o *repertorio comunicativo* dun falante.

O saber acumulado que conforma o repertorio comunicativo é de natureza individual. Por isto, cada falante desenvolve o seu propio coñecemento de maneira particular na medida da súa experiencia; á vez, en tanto que o saber que se acumula no repertorio é compartido, este coñecemento é común ao grupo social no que interacciona, é dicir, a *comunidade de fala*. Hymes (1967) ofrece a seguinte definición de comunidade de fala:

Tentatively, a speech community is defined as a community sharing both rules for the conduct and interpretation of acts of speech, and rules for the interpretation of at least one common linguistic code. The sharing of code rules is not sufficient: there are person whose English I can interpret, but whose message escapes me. (Hymes, 1967: 18).

O concepto de comunidade de fala é a unidade meirande de análise etnográfica. Con este criterio de agrupación, de base sociocultural, accédese ás comunidades de fala e non ás comunidades lingüísticas; analízanse os grupos socioculturais e non as persoas que falan unha mesma lingua¹⁰.

Speech community is a necessary, primary concept in that, if taken seriously, it postulates the unit of description as a social, rather than linguistic, entity. One starts with a social group and considers the entire organization of linguistic means within it, rather than start with some one partial,

named organization of linguistic means called a “language”. This is vital because the notions of “a language” can carry with a confusion of several notions and attributes that in fact have to be sorted out. (...) The first confusion is between the notions of a speech community and a language. Bloomfield (1939), Chomsky (1965) and others have in effect reduced the notion of speech community to that of a language, by equating the two (Hymes, 1977: 47).

Os individuos, de acordo con esta concepción, estúdanse relacionados co contexto social e vense como seres competentes dentro das súas comunidades de fala. Esta perspectiva permite concibir e describir unha comunidade¹¹ entendéndoa como un todo organizado por unhas normas compartidas (e isto inclúe as normas que regulan o uso de un ou de diversos códigos comunicativos), por unha mesma concepción social e cultural do mundo. Afástase este punto de vista da cosmovisión “glotocéntrica” que identifica unha comunidade con aquel grupo de persoas que utiliza unha única lingua. No noso traballo, este concepto énos válido en tanto que nos posibilita a concepción dunha comunidade de fala galega dentro da cal se desenvolven unha serie de códigos comunicativos (galego e/ou castelán ou un código constituído pola mestura dos dous mencionados) e estudalos en profundidade.

3.2.2. SITUACIÓN COMUNICATIVA, EVENTO COMUNICATIVO E ACTO DE FALA

a) Concepcións teóricas orixinais

Unha vez delimitada a comunidade de fala, as relacións entre individuos poden estudarse, de acordo con Hymes (1967), en niveis de análise inferiores, *situación comunicativa*¹², *evento comunicativo* e *acto de fala*¹³. Hymes (1967)

¹⁰ Considerando o aspecto terminolóxico, non sería axeitado considerar que un grupo de falantes forma “unha comunidade de fala da lingua x” (por exemplo, da lingua galega) posto que estaríamos a omitir as constituíntes sociais e culturais, fundamentais para distinguir este concepto do de comunidade lingüística. O que si podemos recoñecer é unha “comunidade de fala x” (por exemplo, unha comunidade de fala galega).

¹¹ Esta concepción permite analizar aspectos como as alternancias de código, as interferencias, a competencia comunicativa nunha ou en varias linguas, etc., cuestións que poden ser incorporadas ao modelo Speaking de Hymes.

¹² Coincidimos con Saville-Troike (1982: 26-27) no uso dos termos ingleses “communicative situation” e “communicative event” coas correspondentes traducións de “situación comunicativa” e de “evento comunicativo”. Pensamos que a fala é importante para o concepto de “speech event” pero non fundamental porque existen outros códigos importantes que tamén serven para comunicar (Poyatos, 1994) e porque existen eventos en que a ausencia de fala é característica. Do mesmo xeito, e posto que xa o propio Hymes propuxera na definición de 1967 que na “speech situation” non é definitiva a presenza de fala, aceptamos “situación comunicativa” e non “situación de fala”.

¹³ Por ser o “speech act” unha unidade de natureza verbal, é imprescindible que se dea a fala. Polo tanto, consideraremos o termo “acto de fala”, e non “acto comunicativo”, forma análoga esperable como tradución do termo inglés con respecto ás dúas anteriores que escollemos de evento e situación comunicativa (véxase nota 12). Esta forma de “acto comunicativo” (communicative act) propóna Saville-Troike (1982: 28).

entende que unha *situación comunicativa* (*speech situation*) é aquela unidade social na que ten lugar unha actividade de tipo interaccional culturalmente definida, como por exemplo unha cerimonia ou unha comida, onde o emprego da fala non ten por qué ser imprescindible. “Within a community one readily detects many situations associated with (or masked by the absence of) speech. Such contexts of situation will often be naturally described as ceremonies, fights, hunts, meals, love-making and the like” (Hymes, 1967: 19).

Unha *situación comunicativa* é, pois, aquela interacción social de carácter amplo asentada desde o punto de vista cultural nunha comunidade. En cambio, un *evento comunicativo* (*speech event*) defínese como aquela unidade social que se alberga no interior dunha situación comunicativa e que comprende aquelas interaccións nas que os usos dos códigos comunicativos permanecen regulados: “The term speech event will be restricted to activities, or aspects of activities, that are directly governed by rules for the use of speech” (Hymes, 1967: 19).

Os eventos comunicativos teñen implícitas, polo tanto, unhas normas que controlan de maneira directa os usos comunicativos. Entre elas, podemos situar aquelas que regulan a fala, ora para que esta se produza (entrevistas, conversas telefónicas, conferencias, conversas coloquiais, etc., onde o código oral é primordial) ora para que non se produza (exame escrito, funeral, partida de xadrez, etc., onde os códigos fundamentais son outros)¹⁴. Os códigos verbais, en todos os casos, teñen unha función constitutiva, como comenta Duranti (1997), pero non é o único elemento que pode constituír o evento “(...) porque lo que encontramos en el mundo real son situaciones o fragmentos de situaciones en las que el habla se usa de forma constitutiva, es decir, como un instrumento para sostener o definir este tipo de situación” (Duranti, 1997: 386).

Payrató (1988: 57-58) ofrece unha analoxía de natureza teatral coa que podemos percibir con maior claridade a diferenza establecida entre os dous conceptos etnográficos: a situación comunicativa consideraríase como un escenario onde se

desenvolven as escenas ou eventos comunicativos. Existiría entre eles unha relación de inclusión do tipo aula-clase ou oficina-discusión laboral, por exemplo.

Debemos ter en conta que na situación comunicativa non só interveñen as características físicas que describen un espazo e un tempo, senón tamén os trazos psicosociais e culturais inherentes a ela que inflúen na definición e desenvolvemento do propio evento comunicativo (definibles nos eventos mediante a compoñente S do modelo de Hymes), así como os factores derivados de todas elas (caracterizados nos eventos en compoñentes como P –*personaxes*–, E –*fins*–, K –*clave interpretativa*–, I –*instrumentos*–, N –*normas de actuación e interpretación*)¹⁵.

O *acto de fala* (*speech act*, Hymes, 1967: 20) é a mínima unidade social analizable dotada de intención comunicativa. A definición deste concepto, inspirado no traballo dos filósofos británicos da linguaxe como Austin, foi mellorada por Hymes en 1972, momento no que establece unha clara diferenciación entre esta unidade, considerada de natureza social, e as unidades gramaticais ou sintácticas: “It [speech act] represents a level distinct from the sentence, and not identifiable with any single portion of other levels of grammar, nor with segments of any particular size defined in terms of other levels of grammar” (Hymes, 1972a: 56-57).

De feito, comenta Hymes, unha mesma unidade gramatical pode desenvolver diferentes actos de fala (pode representar diferentes intencións comunicativas): “A sentence interrogative in form may be now a request, now a command, now a statement; a request may be manifested by a sentence that is now interrogative, now declarative, now imperative in form” (Hymes, 1972a: 57). Estruturalmente, os actos de fala inclúense no interior dos eventos comunicativos. Exemplos de actos de fala son unha promesa, unha orde, unha petición, unha afirmación, unha negación, etc. Un mesmo acto de fala pode aparecer en eventos comunicativos diferentes (Hymes, 1967: 20); nun evento comunicativo poden ter lugar diversos actos de fala, aínda que pode haber eventos comu-

¹⁴ Hymes (1967: 19), de feito, suxire unha distinción entre dous tipos de eventos cando comenta que nunha cacería, por exemplo, poden darse eventos comunicativos verbais e non verbais: “a hunt, for example, may comprise both verbal and nonverbal events, and the verbal events may be of more than one type”.

¹⁵ Os eventos comunicativos descompoñense nunha serie de compoñentes constitutivas que analizan diversos aspectos da interacción (espazo e tempo –S–, personaxes –P–, fins –E–, códigos –I–, estrutura da interacción –A–, clave interpretativa –K–, normas –N–, etc.). Todos estes aspectos, que teremos en conta á hora de analizar unha interacción, son recollidos e descritos polo modelo Speaking de Hymes (1967, 1972a), que veremos no apartado seguinte.

nicativos, como indica Hymes (1967: 19), compostos por un único acto de fala: “An event may consist of a single speech act, but will often comprise several”.

Un exemplo que achega Hymes (1967) para aclarar a relación que se establece entre estes tres conceptos é o dunha festa (situación comunicativa). Dentro dela, existe unha conversa entre varios individuos acerca dun tema calquera (evento comunicativo). Á súa vez, durante esa conversa ten lugar unha broma (acto de fala¹⁶).

b) Situacións e eventos comunicativos.

Exemplo práctico

En traballos anteriores, situados na comunidade de fala galega, detectamos e delimitamos unha serie de situacións e eventos comunicativos que describimos de acordo co modelo Speaking de Hymes. De todas as interaccións analizadas, prestámoslle especial atención a aquelas que se producen entre os individuos durante as comidas (tanto en hora de xanta como en hora de cea). A comida, que deriva de necesidades fisiolóxicas alimenticias individuais, desenvólvese todos os días de maneira ritualizada e en *sociedade*¹⁷ (de modo que os hábitos están socializados). Os rituais de comida son, desde o noso punto de vista, situacións comunicativas.

No interior desta situación comunicativa, diferenciamos dous grandes eventos comunicativos: o evento de *comida* (onde, de maneira xeral, non é imprescindible a presenza de fala) e o evento de *sobremesa* (onde a fala cobra moita importancia, ao punto de mostrarmos unha predisposición social e cognitiva que reserva para ese momento a realización de accións sociais como discusións, rexoubas, trato de diferentes temas, narracións de contos, comentarios lúdicos, xogos de mesa, etc.). Existe, entre os dous eventos, unha variación temporal e pode producirse un cambio *do* espazo (os participantes poden ir facer a sobremesa a unha sala á parte) e *no* espazo (respecto dos utensilios, marcha ou chegada de novos participantes, etc.).

Unha vez que estruturamos o universo social que pretendemos estudar e identificamos o evento comunicativo obxecto da nosa análise, proce-

demo a estudalo en función dos distintos factores que constitúen o modelo de Hymes (Gestido, 2003).

3.3. O MODELO SPEAKING

3.3.1. CONCEPCIÓN TEÓRICA ORIXINAL

Despois de localizada a comunidade de fala e detectada a situación comunicativa, o procedemento neste ámbito de análise da comunicación pasa polo estudo do evento comunicativo en si mesmo (Bachmann *et al.*, 1981: 73). Esta unidade social está determinada por unha serie de factores (lingüísticos, sociais, culturais, psicolóxicos) que se adoitan analizar en función dunha serie de conceptos agrupados nas diversas compoñentes que forman o modelo SPEAKING. Tales compoñentes, que actúan de maneira combinada ou interrelacionada, suman un total de oito na primeira versión en 1967 e de dezaseis na segunda versión revisada e completada de 1972¹⁸.

Co SPEAKING, Hymes centrouse na relación das funcións lingüísticas coas funcións sociais e intentou vencellar os usos da lingua coa comunidade dentro da cal se desenvolven eses usos (Duranti, 1997: 385). Nese momento, “...animou os seus estudantes e outros, a conxugalos métodos etnográficos e lingüísticos para xerar estudos descritivos sobre cómo a linguaxe é empregada en determinadas comunidades” (Duranti, 2000: 282).

De maneira explícita, Hymes presentou unha serie de compoñentes coas que pretendía, antes que presentar unha teoría descritiva, ofrecer unha guía de carácter heurístico, un soporte de conceptos abondo compacto como para ser memorizado para o seu uso e abondo amplo e flexible como para non resultar arbitrario (Hymes, 1967: 20). Posto que, como sinala o propio autor, “non hai mal” en organizar o esquema de acordo cuns principios mnemónicos (Hymes, 1967: 20), en 1967 agrupa baixo o acrónimo inglés *SPEAKING* as oito compoñentes que, ó seu xuízo, interveñen e describen un evento ou acontecemento comunicativo.

¹⁶ Observamos que, no que Hymes denomina unha broma, moi ben poden detectarse varios actos de fala, e non só un.

¹⁷ Son lugares comúns os hábitos de ter en conta xantar con alguén, esperar por alguén para xantar, invitar a xantar a alguén, etc. Na maioría das familias, establécese unha hora de comida para que o clan familiar se reúna e, polo tanto, para que se coma en sociedade.

¹⁸ Hymes propuxera anos antes, en 1962 (Hymes, 1962), un prototipo de sete factores constitutivos dos eventos comunicativos. Non obstante, non se considerará a primeira versión do modelo até 1967 en tanto que os factores van aparecer presentados de maneira estruturada e sistemática baixo a concepción do Speaking, revisado e presentado novamente en 1972.

Cada unha das letras que compoñen o *speaking* correspóndense en 1967 coas iniciais das compoñentes que o forman: S (*setting e scene*), P (*participants*), E (*ends*), A (*art characteristics*), K (*key*), I (*instrumentalities*), N (*norms of interaction and interpretation*), G (*genre*). En 1972, Hymes ofrece a segunda versión do modelo, ampliada a dezaseis compoñentes, mellor descrito e desenvolvido con maior precisión conceptual: forma da mensaxe (*message form*), contido da mensaxe (*message content*), marco temporal e espacial (*setting*), escena psicosocial (*scene*), orador (*speaker, source, sender*), remitente (*addressor*), oínte (*hearer, destination, receiver, ou audience*), destinatario (*addressee*), fins como consecuencia (*outcomes*), fins como metas (*goals*), clave interpretativa (*key*), canle (*channel*), formas de fala (*forms of speech*), normas de interacción (*norms of interaction*), normas de interpretación (*norms of interpretation*) e xéneros (*genre*). Aínda que supoñen en número o dobre de compoñentes, explica Hymes (1972a: 59), poden conservarse ben agrupadas nas oito compoñentes do acróstico inglés *speaking* da versión de 1967¹⁹.

Comprobamos, con estes datos, a actitude intelixente que adopta o seu creador, práctica e aberta, que se mostra receptiva a aqueles posibles cambios de formulación futura do seu modelo. Este feito permite que, na actualidade, se poida considerar e empregar para realizar as análises dos eventos comunicativos.

3.3.2. CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O MODELO *SPEAKING*

Malia que entendemos o modelo de Hymes como un soporte de utilidade para a organización dos factores que se han analizar nos eventos comunicativos, atopámonos na literatura científica con que, hoxe en día, non se reconece aínda na etnografía da comunicación un modelo descritivo que sexa cabal e definitivo e que estea consagrado ou aceptado polos investigadores. Esta particularidade, que se converteu nunha das grandes críticas realizadas á etnografía da comunicación, provoca diversidade de procedementos analíticos (case tantos como estudosos) e fai necesario o

establecemento duns mesmos conceptos, definicións e modelos para todos os autores.

O *SPEAKING*, desde este punto de vista, poderíase considerar como unha proposta de autor máis. Con todo, reconecemoslle o mérito de ser orixinal e de servir de xeito eficaz aos intereses analíticos particulares. Seguindo a outros investigadores (Cardona, 1976; Duranti, 1992, 1997; Cots, 1998), utilizámolo no noso traballo e considerámolo a mellor contribución que se ofreceu para a descrición das compoñentes do evento comunicativo (Cardona, 1976: 206) e como fonte de inspiración de estudos valiosos (Goddard e Wierzbicka, 2000: 334).

Desde a perspectiva da análise do discurso, Marc e Picard entenden que o *SPEAKING* é un modelo *lingüístico* (sic) que se presentou como teoría da comunicación e repróchanlle “una cierta suavidad en los conceptos propuestos” (Marc e Picard, 1992: 27). O *SPEAKING*, en todo caso, é un modelo exclusivamente *etnográfico* que pretende servir como soporte de descrición dos eventos comunicativos, unidades estas de natureza social e cultural (aínda que inclúan os usos lingüísticos). Tamén desde esta perspectiva, Stubbs (1987: 59) críticalle a Hymes o feito de se dedicar tan só ao estudo dos patróns comunicativos das diversas culturas nun nivel de profundidade xeral sen utilizar os conceptos para afondar nas interaccións concretas observadas e rexistradas en contextos sociais específicos. O modelo de Hymes, desde a perspectiva lingüística dos analistas do discurso, non estuda en profundidade a mecánica interactiva específica.

Á hora de aplicar o modelo e considerando o tempo transcorrido desde que foi presentado²⁰, nós percibimos a necesidade urxente de lle incorporar novos conceptos procedentes doutras disciplinas e de renovar e actualizar as formulacións iniciais para adaptalas aos nosos intereses. A partir das dezaseis compoñentes, desenvolvemos a análise dos eventos comunicativos engadíndolle unha serie de conceptos formulados con posterioridade nas disciplinas ocupadas no estudo dos usos lingüísticos (como a análise conversacional, a análise do discurso ou a pragmática).

Entendemos, así pois, que o *SPEAKING* é unha guía de campo útil para o investigador, é un

¹⁹ Pode consultarse unha descrición completa de cada unha das compoñentes propostas en Hymes (1972a) ou Saville-Troie (1982). Hymes (1967) ofrece instrucións para adaptar as siglas do acróstico a outras linguas modificando a terminoloxía e introduce o exemplo do *PARLANT* francés. Ademais, ofrece as claves para designar etiquetas de compoñentes para outras linguas (Hymes, 1967: 21). Amparándonos nesta licenza, introducimos modificacións no noso modelo utilizado como, por exemplo, na designación da tradución da compoñente K (literalmente: chave; adaptado: clave interpretativa).

²⁰ Véxase nota 17.

esqueleto ou *soporte* (*framework* en Fitch e Philipsen, 1995), unha *grella* (*gride* en Titscher *et al.*, 2000: 95) que recolle e organiza de maneira estruturada os conceptos aplicados ao estudo dos distintos factores descritivos dun evento comunicativo (lingüísticos, sociais, culturais e psicolóxicos) ramificados nunha serie de compoñentes memorizables con facilidade.

The framework [o Speaking] is intended to provide not so much a checklist of things to describe, as an initial set of questions and descriptive possibilities in the study of ways of speaking in particular communities. It is also intended to provide a format for comparison across communities, a set of categories for the discovery of similarities and differences. (Fitch e Philipsen, 1995: 264).

Tendo en conta o carácter aberto con que foi proposto este modelo heurístico, valoramos como positivo o feito de permitir incorporar conceptos novos que, sen dúbida, van completar o estudo descritivo dos eventos comunicativos á vez que van enriquecendo, consolidando e solidificando cada vez máis o propio modelo. Este feito, por un lado, arrequece, actualiza e revitaliza o modelo (Bachmann *et al.*, 1981: 201) e, polo outro, inevitablemente vaille dando a firmeza dunha teoría de análise de eventos comunicativos e, en consecuencia, dunha teoría xeral da comunicación²¹.

Non obstante, tamén cómpre sinalar que o estudo da comunicación está en constante evolución e sempre se han propoñer novos conceptos que poden levar a subestruturar de maneira diferente as distintas compoñentes do SPEAKING. Isto permite pensar que nunca se ha acadar un modelo teórico completo nin definitivo, intención que non perseguía o seu creador (Hymes, 1967: 20). Debemos entendelo, polo menos polo de agora, como unha ferramenta útil pero non como unha teoría definitiva ou universal.

O feito de servir o SPEAKING como ferramenta de clasificación de conceptos convérteo nun modelo parcelario que obriga a clasificar os diferentes fenómenos que se estudan en función das diversas compoñentes. Así e todo, ben certo é que as diversas compoñentes manteñen entre si fortes relacións de dependencia de xeito que, se se produce un cambio nunha delas, as restantes van sufrir tamén algunha alteración. Por esta razón, todos os fenómenos que analizamos (tendo en conta que partimos de situacións comunicativas

reais) son de natureza oral e coloquial e en moitas ocasións teñen cabida en máis dunha compoñente.

Non imos presentar neste artigo, por razóns obvias de espazo, o modelo desenvolvido que aplicamos no noso traballo á descrición de eventos comunicativos producidos en Galiza. Simplemente, manifestamos a súa utilidade e adaptabilidade aos principios e necesidades de cada investigador e a súa aplicabilidade para a análise de interaccións considerando o concepto etnográfico de evento comunicativo.

4. CONCLUSIÓN

En definitiva, consideramos que tanto os principios metodolóxicos como os conceptuais da etnografía da comunicación son de grande utilidade descritiva e analítica para o estudo da mecánica interactiva xeral e das interaccións producidas no contexto específico galego. A súa aplicación pode levarnos a investigar diversos aspectos de natureza lingüística e sociocultural non estudados aínda na nosa comunidade.

Para realizar os estudos neste campo, temos de partir do principio xeral de que a análise das interaccións se realiza considerando que os factores que as caracterizan non son exclusivos do ámbito lingüístico tradicional. Por isto, dado que interveñen outros condicionantes de natureza social, cultural e psicolóxica que merecen recoñecemento, faise necesario hoxe en día a formulación dun corpo teórico sólido e a colaboración interdisciplinaria con outros ámbitos que comparten este interese.

Como indicamos, as críticas xerais que se verten a este dominio de investigación inciden no carácter parcial dalgúns estudos e na carencia dunha teoría xeral dos eventos comunicativos ou do proceso comunicativo en si. Os avances a prol dunha teoría universal semellan nunha fase de xestación que pivota, tal e como vimos, nos diversos traballos dos investigadores que, en conxunto, tenden a consolidar de maneira gradual e por abstracción, unha teoría propia dos eventos comunicativos. Non obstante, o método desenvolvido por Hymes canto máis se enriquece máis compacto se volve en relación coa oferta dunha teoría da comunicación (véxase 3.3.2).

Neste proceso, corenta anos despois, parece que nos vemos inmersos posto que tampouco é do interese do noso traballo ofrecer un modelo teórico universal.

²¹ Bachman *et al.*, de feito, concébeo como un “modelo para o estudo da comunicación” (1981: 72).

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BACHMANN, C., J. Lindenfeld e J. Simonin (1981): *Language et communications sociales*. Paris: Hatier-Credif.
- CARDONA, G.R. (1976): *Introduzione all'etnolinguistica*. Bologna: Società editrice il Mulino.
- DURANTI, A. (1992): *Etnografía del parlare quotidiano*. Roma: La nuova Italia Scientifica. [manexada edición de 1994]
- DURANTI, A. (1997): *Linguistic Anthropology*. [manexada tradución de P. Tena (2000): *Antropología lingüística*. Madrid: Cambridge].
- DURANTI, A. (2000): «Antropoloxía Lingüística», in F. Ramallo, G. Rei Doval e X.P. Rodríguez Yáñez (eds.) (2000): *Manual de Ciencias da Linguaxe*. Vigo: Xerais, pp. 269-307.
- ERICKSON, F. (1987): «Ethnographic Description», in N. Ammon, N. Dittmar e K.J. Mattheier (eds.): *Sociolinguistics*. Berlin & New York: Walter de Gruyter, 1081-1095.
- FITCH, K.L. e G. Philipsen (1995): «Ethnography of Speaking», in J. Verschueren, J.O. Östman e J. Blommaert (eds.) (1995): *Handbook of Pragmatics Manual*. Amsterdam: John Benjamins Publishing Company, pp 263-269.
- GESTIDO de la Torre, E. (2003) *O modelo Speaking de Hymes: posta a punto teórica e aplicación ás situacións comunicativas de sobremesa*. Traballo de Investigación Tutelado de Terceiro Ciclo, presentado en xuño de 2003 no Departamento de Filoloxía Galega e Latina. Vigo: Universidade de Vigo, 169 pp. [inédito]
- . (en prensa): «O modelo Speaking de Hymes. Posta a punto teórica e aplicación aos eventos comunicativos de sobremesa», *Actas del VI Congreso de Lingüística General, 3-7 maio 2004*. Facultade de Filoloxía, Área de Lingüística Xeral. Santiago: Universidade de Santiago.
- GODDARD, C. e A. Wierzbicka (2000): «Discurso y cultura», in T.A. van Dijk (comp.) (2000): *El discurso como interacción social*. Madrid: Gedisa, cap IX, pp 331-364.
- GUMPERZ, J.J. e D. Hymes (1964): «The Ethnography of Communication», *American Anthropologist* 66(6). Special Publication. Washington: American Anthropological Association.
- HYMES, D. (1962): «The Ethnography of Speaking», in B.G. Blount (ed.) (1995): *Language, culture and society. A book of readings*. Illinois: Waveland Press, pp. 248-282.
- . (ed.) (1964): *Language in culture and society*. New York: Harper Int. Ed.
- . (1967): «Models of the Interaction of Language and Social Setting», *Journal of social issues*, vol XXIII, n.º 2, pp 8-28.
- . (1971): «Sociolinguistics and the Ethnography of Speaking», in e. Ardener (ed.) (1971): *Social Anthropology and Language*. London: Tavistock Publications, pp. 47-93.
- . (1972a): «Models of the Interaction of Language and Social Life», in J.J. Gumperz e D. Hymes (1972): *Directions in sociolinguistics. The Ethnography of Communication*. Oxford: Basil Blackwell, 35-71. [manexada edición de 1982]
- . (1972b): «Towards ethnographics of communication: the analysis of Communicative Events», in P.P. Giglioli (1972): *Language and social context*. Penguin Books, pp 21-41. [manexada edición de 1985]
- . (1977): *Fundations in sociolinguistics. An Ethnographic Approach*. Tavistock Publications, London.
- MARC, E. e D. Picard (1989): *L'interaction sociale*. Paris: Presses Universitaires de France. [manexada tradución de A. Laje (1992): *La interacción social*. Barcelona: Ediciones Paidós]
- MORENO Fernández, F. (1998): *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Barcelona: Ariel.
- PAYRATÓ (1988): *Catalá Col-loquial*. València: Universitat de València. [manexada edición de 1990]
- POYATOS, F. (1994): *La comunicación no verbal. Paralenguaje, kinésica e interacción*. Vol. II, Madrid: Istmo.
- SAVILLE-TROIKE, M. (1982): *The Ethnography of Communication*. New York: Basil Blackwell. [manexada edición de 1989]
- SHERZER, J. (1977): «The ethnography of speaking», in M. Saville-Troike (ed.) (1977): *Linguistics and Anthropology*. Washington: Georgetown University Press, pp. 43-57.
- STUBBS, M. (1983): *Discourse Analysis. The Sociolinguistics Analysis of Natural Language*. Oxford: Basil Blackwell. [manexada tradución de C. González (1987): *Análisis del discurso*. Madrid: Alianza]
- TITSCHER et al. (2000): «Ethnographic Methods», *Methods of text and discourse analysis*. Londres: Sage. Cap VII, pp. 90-101.